



ASUNTO: RESOLUCIÓN QUE ACORDA O INICIO DO PROCEDEMENTO PARA O ALLEAMENTO DO BUQUE AUXILIAR DE ACUICULTURA MEKONG.

Por resolución desta Presidencia do 19 de novembro de 20185 foi declarado en situación de abandono o buque Mekong, buque en fase de construción que se atopa varado na mariña seca do porto de Rianxo, construído pola mercantil SERVIMAR INNOVA, S.L e que na actualidade carece de bandeira e documentación oficial.

De acordo co previsto no artigo 128.4 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia, a declaración de abandono do buque, sobre o que pesan créditos a favor desta entidade derivados dos custos da estancia en porto, determina que este pase a ser propiedade desta entidade pública, que poderá acordar o seu alleamento aplicando o seu produto ás atención propias da entidade,

A taxación do buque que se incorpora ao expediente calcula un valor residual como buque de 50.000 euros, polo que por aplicación do establecido no artigo 77 da lei 5/2011, do 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, o seu alleamento deberá de efectuarse a través de poxa pública.

Á vista de canto queda exposto, e en virtude das competencias previstas no artigo 79 da Lei 5/2011, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e no artigo 23.5 da Lei 6/2017, de Portos de Galicia, delegadas polo Consello Reitor, esta Presidencia resolve:

PRIMEIRO: Autorizar o inicio do procedemento cara o alleamento do buque MEKONG.

SEGUNDO: Aprobar o Prego de Condicións aplicable ao alleamento do buque mediante poxa pública que se xunta á presente resolución.

TERCEIRO: Nomear á Mesa da Poxa que estará integrada polos seguintes membros:

Presidente da Mesa: O Director de Portos de Galicia (en caso de ausencia actuará como suplente o xefe do Departamento de Secretaría Xeral e Asesoría Xurídica).

Vogal número 1: O Xefe do Departamento de Secretaría Xeral e Asesoría Xurídica (en caso de ausencia actuará como suplente o Xefa da División Xurídica).

Vogal número 2: O Xefe do Departamento de Contabilidade e Tesourería (en caso de ausencia actuará como suplente a xefa do departamento de Xestión e Control Orzamentario)

Vogal número 3: A Xefa da Área de Explotación e Planificación (en caso de ausencia actuará como suplente o xefe do departamento de Planificación Portuaria).

Secretario: O Xefe de División da Asesoría Xurídica (en caso de ausencia actuará como suplente un Administrativo do Departamento de Secretaría Xeral e Asesoría Xurídica).

O que se traslada ao Departamento de Secretaría Xeral e Asesoría Xurídica para a tramitación que proceda.

Santiago de Compostela, a 12 de febreiro de 2020.

A PRESIDENTA.

Susana Lenguas Gil.